



Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de 4 de xuño de dous mil tres, convocada para as 16:30 horas en primeira convocatoria e ás 17:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

## LISTA DE ASISTENTES

Cid Fernández, Xose Manuel  
 Corbacho Suso, Patricia  
 De Vicente Remesal, Javier  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Domínguez Castro, Luis  
 Durany Castrillo, José  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fernández Álvarez, Antón  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
 García Vázquez, José Manuel  
 Garriga Domínguez, Ana  
 Gómez Gude, Jorge Juan  
 González Novas, Roberto  
 Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Legido Soto, José Luis  
 Mato De La Iglesia, Salustiano  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Pena Rodríguez, Alberto  
 Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rey García, Daniel  
 Sánchez Bermúdez, Ángel  
 Suárez Creo, Juan  
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique  
 Vázquez López, Ezequiel M.  
 Vázquez Vázquez, Amador  
 Viso Alonso, Augusto

### DESCULPA ASISTENCIA

Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Cidrás Pídre, José  
 Costas González, Xosé Henrique  
 Gueimonde Canto, Ana Isabel  
 Gutiérrez Nieto, Manuel  
 Martínez Cobas, Xavier  
 Sánchez Bello, Patricio  
 Vidal Gallego, M<sup>a</sup> Teresa

O mércores, día 4 de xuño de 2003, ás 17:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 22 de maio 2003.
2. Informe do Rector.
3. Aprobación, se procede, dos planos de estudio de Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe e Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Sistemas de Telecomunicación.
4. Encargos de docencia para o curso 2003/2004 nas titulacións indicadas no punto 3.
5. Modificación do acordo do Consello de Goberno de 22 de maio de 2003 relativo ó acceso ó 2º ciclo na titulación de Comunicación Audiovisual.
6. Aprobación, se procede, da proposta de eliminación de materias "chave" e de requisitos de acceso ó segundo ciclo nas titulacións de Dereito e Psicopedagogía (Campus de Ourense).
7. Solicitud de permuta.
8. Aprobación, se procede, da modificación puntual da RPT do persoal funcionario de administración e servicios.
9. Modificación puntual do Regulamento de Constitución de Departamentos a efectos de elección do seu Director para a súa adaptación á LOU.
10. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 22 de maio 2003.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Rector.

O Rector informa do seguinte:

- da publicación no DOG da lei dos Consellos Sociais do Sistema Universitario Galego. Nun prazo de tres meses deberán renovar os seus representantes polo que no próximo Consello de Goberno elixiranse os representantes do mesmo no Consello Social.

- da mención de calidade dos programas de Doutoramento, soamente foron concedidas un 18% das solicitadas. Na Universidade de Vigo obtiveron dita mención dous programas que son compartidos con outras universidades.

- da saída dunha convocatoria da ANECA de axudas para o deseño de planos de estudio e títulos de grao rematando o prazo o 25 de xuño.

O Vicerrector de Titulacións, informa que as titulacións definidas para a primeira convocatoria son as que participaron no proxecto Tuning e dúas ou tres máis e que a partir de setembro haberá outra convocatoria na que se incluírán outras titulacións.

- están na web os borradores dos decretos que faltaban en relación co Espacio Europeo de Educación Superior (EEES). Tratarase este tema nunha próxima reunión do Consello de Goberno.

- da renuncia do profesor Suris como membro do Consello de Goberno por presentar a súa candidatura polo sector Directores de Departamento no próximo Claustro.

- da incorporación de Don José Cidrás Pidre, Vicerrector de Innovación e Calidade, como membro do Consello de Goberno dentro do cupo reservado a designación libre do Rector.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, dos planos de estudio de Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe e Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Sistemas de Telecomunicación.

Informa o Vicerrector de Titulacións que soamente se recibiu unha alegación ó plano de estudos de Enxeñería Técnica de Telecomunicación ( especialidade en Son e Imaxe) presentada pola Área de Comunicación Audiovisual e que foi aceptada parcialmente pola Xunta de Titulación.

Non habendo intervencións, apróbanse os dous planos de estudio por asentimento (anexo I e II).

**Punto 4.** Encargos de docencia para o curso 2003/2004 nas titulacións indicadas no punto 3.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa que os encargos de docencia foron aprobados pola Xunta de Titulación pero estan pendentes da aprobación pola Xunta de Centro.

O Rector propón delegar na COAP a toma de decisión final sobre os devanditos encargos.

Acéptase por asentimento.

**Punto 5.** Modificación do acordo do Consello de Goberno de 22 de maio de 2003 relativo ó acceso ó 2º ciclo na titulación de Comunicación Audiovisual.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa que na última sesión do Consello de Goberno ( 22 de maio de 2003) aprobouse ofertar para o acceso ó segundo ciclo da Licenciatura de Comunicación Audiovisual 35 prazas reservadas ás licenciaturas de Ciencias da

comunicación, Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual e 5 para outras titulacións.

O día 23 de maio foi publicado no DOG un Real Decreto no que se indica que a implantación desta titulación comenza polo primeiro curso, por conseguinte estamos obrigados a ofertar as 40 prazas para primeiro curso. Propón comezar o mesmo tempo o 2º ciclo ( curso 3º) cunha oferta de 20 prazas das que 15 estarán reservadas para as titulacións antes sinaladas e 5 para o resto das titulacións.

Apróbase esta proposta por asentimento.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da proposta de eliminación de materias”chave” e de requisitos de acceso ó segundo ciclo nas titulacións de Dereito e Psicopedagogía (Campus de Ourense).

A Vicerrectora informa da proposta da Xunta de Facultade de Dereito de Ourense de eliminar as materias “chaves” e o límite actual ( ter superado o de 60% de troncales mais obrigatorias) para o acceso ó segundo ciclo do plano de estudos vixente.

Ábrese un turno de intervencións.

O Profesor Remesal está en contra deste acordo e di que na realidade e practicamente imposible superar unha materia da parte especial sin ter superada previamente a parte xeral. Propón que se devolva a Facultade para que sexa argumentado debidamente.

A Sra. Corbacho di que está en parte de acordo co profesor Remesal pero cre que se debe ter en conta a normativa de permanencia.

O Vicerrector de Titulacións, Posgrao e Formación Permanente recorda que na Normativa de elaboración de planos de estudio aprobado en Xunta de Goberno elimináronse os requisitos de forma xenérica para tódolos planos de estudos.

O Rector di que esta proposta vai na liña sinalada na devandita normativa polo que non ve causa que xustifique devolvela a Xunta de Facultade.

Despois de varias intervencións sométese esta proposta a votación co seguinte resultado:

- votos a favor do acordo da Xunta de Facultade	24
- votos en contra	1
- abstencións	4

Queda aprobado o acordo da Xunta de Facultade de Dereito.

A Vicerrectora expón a segunda parte deste punto que corresponde ó acordo da Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense polo que se propón suprimir o requisito de ter cursados os complementos de formación para poder matricularse en Psicopedagogía.

O Rector di que isto implica unha reforma de plano de estudos.

Apróbase por asentimento a proposta da Xunta de Facultade de Ciencias da Educación de Ourense para a súa tramitación como reforma do Plano de Estudos.

**Punto 7.** Solicitude de permuta.

A Vicerrectora de Organización Académica e \_Profesorado informa da solicitude de permuta entre dous profesores Titulares de Universidade da área de Dereito Administrativo: Don Luis Míguez Macho da Universidade de Vigo e Dona María Antonia Arías Martínez da Universidade de Santiago. Ten o informe favorable da COAP condicionada á recepción despois dos informes favorables de ambos Departamentos. Estes informes xa foron enviados á Vicerrectora e así mesmo engade que este punto vai na orde do día do próximo Consello de Goberno da Universidade de Santiago.

Apróbase a permuta por asentimento.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, da modificación puntual da RPT do persoal funcionario de administración e servizos.

O Xerente informa que se trate dun trámite necesario para sacar o posto de secretario do novo Vicerrector de Innovación e Calidade.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Modificación puntual do Regulamento de Constitución de Departamentos a efectos de elección do seu Director para a súa adaptación á LOU.

A Secretaría Xeral informa da proposta da modificación do artigo 18 do Regulamento de Constitución de Departamento para a súa adaptación a LOU.

Apróbase por asentimento a modificación ( anexo III ).

**Punto 10.** Rogos e preguntas.

Non hay rogos nin preguntas.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 18:00 horas do día 4 de xuño de 2003 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Rector

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe